



## **ORDENANZAS DOS MERCADOS MUNICIPAIS DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**

### **CAPÍTULO I**

#### **DISPOSICIÓN XERAIS**

**Artigo 1º.-** O mercado é un centro de abastecemento establecido polo Concello para a venda polo miúdo de artigos de alimenticios en réxime de libre competencia mediante a concorrência e multiplicidade de paradas de venda tendentes a cubrir as necesidades da poboación.

**Artigo 2º.-** Os inmobles onde se sitúan o mercado de abastos, Avda. De Ferrol-Alexandre Bóveda, e o mercado de gando, na Fraga, son bens de dominio público, subgrupo de servizo público e figuran no Libro de Inventario e Rexistro de Bens do Concello.

**Artigo 3º.-** O mercado estará aberto ao público todos os días laborais dende as 8 ás 14 horas, excepto domingos e días festivos, previamente sinalados á vista do calendario laboral.

2. A Comisión de Goberno queda facultada para modificar o horario de apertura e peche sempre que o considere conveniente, oía a Comisión Colaboradora de Vendedores e Consumidores e facéndoo público dez día antes.

**Artigo 4º.-** O Concello poderá intervir a actividade dos seus administrados no mercado, para asegurar o abasto dos artigos de consumo de primeira necesidade; a calidade dos ofrecidos en venda, a fidelidade no despacho dos que se expendan a peso ou medida, a normalidade dos prezos e a libre competencia, axustando a súa intervención, en todo caso, ao principio da Igualdade diante da Lei.

### **CAPÍTULO II**

#### **DAS COMPETENCIAS**

**Artigo 5º.-** É competencia da Corporación en Pleno:

- a) A aprobación, modificación ou derogación deste Regulamento
- b) O cambio, a supresión do mercado ou a construción doutro novo
- c) Adxudicar as paradas fixas do mercado

**Artigo 6º.-** É competencia da Comisión Municipal de Goberno:

- a) Impoñer as sancións derivadas de faltas graves ou moi graves
- b) Fixar os horarios do mercado e os días da apertura
- c) Resolver as cuestións que lle presente o concelleiro-delegado do Servizo, a Comisión Informativa correspondente ou o propio alcalde, dando conta ao Pleno do Concello se a súa importancia así o aconsellase.

**Artigo 7º.-** Será competencia da Alcaldía, que poderá delegar no concelleiro do servizo:

- a) A dirección, inspección e impulsión do servizo de mercado
- b) A proposta de sancións referentes a faltas graves e moi graves e a imposición referente a faltas leves.





### **CAPÍTULO III DAS PARADAS DE VENDA**

**Artigo 8º.-** As paradas de venda, onde exerce a actividade de comercio dentro do recinto do mercado, son propiedade do Concello, a súa natureza é a de bens do servizo público e como tales inalienables, inembargables ou imprescritibles.

**Artigo 9º.-** As parada de venda clasifícanse en:

- a) Fixas e provisionais
- b) Casetas e postos

**Artigo 10º.-** Son paradas fixas as destinadas á venda de artigos alimenticios de maneira permanente, por estaren adxudicadas por un tempo determinado, conforme ás normas deste Regulamento.

**Artigo 11º.-** Son paradas provisionais aquelas que estando libres, por non estaren adxudicadas de maneira permanente, só se utilizarán os días 1º e 15º de cada mes ou esporadicamente, previo aboamento das taxas que correspondan.

**Artigo 12º.-** Son “Casetas” aquelas paradas situadas no interior do mercado; delimitadas por tres paredes e separadas do corredor por mostrador.

**Artigo 13º.-** Son “Postos” os situados no centro do recinto do mercado sen parede que os delimite.

**Artigo 14º.-** A Comisión Municipal de Goberno determinará o número, modalidade, emprazamento e dimensións das “Paradas” axeitadas á superficie do recinto do mercado e ás necesidades da poboación, quedando constancia desta determinación nun plano debidamente aprobado.

### **CAPÍTULO IV DO ENCARGADO DO MERCADO**

**Artigo 15º.-** Poderá nomearse un encargado do mercado coas funcións que se lle encomenden que, a título indicativo serán as seguintes:

- a) Abrir e pechar o mercado, permanecendo nel en cumprimento das súas funcións
- b) Coidar que a actividade no interior do mercado se realice con normalidade, en harmonía coas disposicións legais vixentes, dando conta ao Concello das anomalías que observase.
- c) Velar pola boa orde, policía e limpeza do mercado, polo adecuado uso das instalacións de aproveitamento común e o racional consumo da iluminación pública.
- d) Procurar pola conservación e entretemento do edificio e as súas instalacións, proponendo as medidas máis adecuadas para o mellor funcionamento do mercado.
- e) Atender as queixas e reclamacións do público e titulares das paradas e transmitilas, de ser o caso, ao Concello.
- f) Notificar aos titulares das paradas de venda as comunicacións do Concello que directamente lles afecten.
- g) Coidar do servizo de repaso
- h) Facilitar ao veterinario encargado da inspección sanitaria, o cumprimento do seu cometido
- i) Efectuar a recadación dos dereitos de ocupación das paradas
- l) Manter continuamente informado ao alcalde ou concelleiro-delegado do servizo, de todo aquilo que algunha relevancia ocorra no mercado.





m) Cantas outras resulten deste Regulamento ou se lle encomendaren pola Alcaldía, delegado do servizo ou xefe do negociado do que o mercado dependa administrativamente.

## **CAPÍTULO V DA ADXUDICACIÓN DAS PARADAS**

**Artigo 16º.-** A utilización das paradas do mercado, en canto implican un uso privativo, estarán suxeitas á concesión administrativa.

**Artigo 17º.-** O obxecto da concesión é o dereito a ocupar de modo privativo e con carácter exclusivo, unha das paradas fixas do mercado, coa finalidade e obriga de destinala á venda polo miúdo dos artigos para a que estivese clasificada dentro da relación das autorizadas.

**Artigo 18º.-** A forma de adxudicación das paradas será por poxa pública á oferta economicamente máis vantaxosa sobre o tipo de licitación fixado pola Comisión de Goberno ao acordar a convocatoria.

2. Os preceptos aplicables serán os que regulan esta materia na Lei de réxime local, regulamentos que a desenvolven e disposicións que a cumpren.

**Artigo 19º.-** Os concesionarios veñen obrigados a rexentar persoalmente a respectiva parada, salvo o disposto no apartado 3º do artigo 20 deste Regulamento, quedando terminantemente prohibido subarrendala total ou parcialmente.

**Artigo 20º.-** Serán titulares da concesión as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española con plena capacidade xurídica.

2. Non poderán ser titulares os comprendidos nos casos de incapacidade sinalados na lexislación local vixente.

3. Só nos casos de traspaso por defunción poderán os menores de idade ou maiores incapacitados suceder ao titular na parada, representando por aquel que legalmente estea autorizado.

**Artigo 21º.-** No caso de falecemento, transmitírase a parada a favor de quen resultase ser herdeiro do titular ou legatario da dita parada.

2. De transmitirse “mortis causa” a parada pro indiviso a dúas ou máis persoas, estas, no prazo de tres meses, deberán determinar e comunicar ao Concello quen de entre elas, sucederá na titularidade da parada. De non facelo no prazo indicado, declararase caducada a autorización.

**Artigo 22º.-** De non existir disposición testamentaria, a parada transmitírase a favor do cónxuxe, fillos, netos, pais ou irmáns do titular por esta orde. Dentro do mesmo grao darase preferencia ao que xustifique a súa colaboración co titular na parada, durante os tres anos anteriores ao falecemento deste e, de non habelo, ao de máis idade.

2. No caso de non existir ningún dos indicados parentes, a parada declararase vacante.

**Artigo 23º.-** Os concesionarios das paradas poderán traspasalas, conservando o mesmo destino, previa autorización da Corporación e pagamento dos dereitos para tal fin establecidos na correspondente Ordenanza fiscal.

2. Non obstante o disposto anteriormente a Corporación poderá exercer o dereito de tanteo, para tal fin o adxudicatario ao solicitar a autorización para o traspaso declarará o importe da transmisión prevista, debendo resolver o Concello a petición no prazo de dous meses e entendéndose autorizada en caso contrario.





**Artigo 24º.-** Sen prexuízo do disposto noutros preceptos deste Regulamento, as concesións extinguiranse por:

- a) Renuncia expresa e escrita do titular
- b) Morte do titular, salvo o disposto nos artigos 21 e 22 deste Regulamento
- c) Disolución da Sociedade titular
- d) Perda dalgunha das condicións esixidas no artigo 21.2 deste Regulamento
- e) Transcurso do prazo sinalado na adxudicación para a vixencia da concesión
- f) Por infracción moi grave conforme ao preceptuado nos artigos 47-48-49 deste Regulamento

**Artigo 25º.-** Os tipos de licitación serán os fixados no prego de condicións económico-administrativas.

## **CAPÍTULO VI DEREITOS E OBRIGAS DOS VENDEDORES**

**Artigo 26º.-** Corresponderá aos titulares dos postos o dereito a utilizar os bens de servizo público necesarios para poder levar a cabo as súas actividades na forma establecida.

**Artigo 27º.-** O Concello non asumirá responsabilidade por danos, subtracción ou deterioro da mercancía. Tampouco asumirá a responsabilidade da custodia, aínda que estableza a vixilancia do mercado.

**Artigo 28º.-** O obxecto para o que se conceden as paradas de venda a que se refire o artigo 17 deste Regulamento, non poderá ser alterado en ningún momento sen previa autorización municipal.

**Artigo 29º.-** Os titulares das paradas veñen obrigados a:

- a) Mantelas abertas ao público ininterrompidamente durante as horas sinaladas polo Concello para a venda.
- b) Conservalas en bo estado, ao igual que as instalacións coidando de que estean limpas, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénicas.
- c) Instalar nelas o correspondente contador, diferencial e limitador de corrente conforme á normativa que rexe as instalacións de baixa tensión, de obrigado cumprimento, e sempre para o caso de que teñan instalada iluminación propia ou calquera máquina que o precise.

A calidade dos materiais e lugar de emprazamento destes aparellos de control e protección seranlle sinalados polo electricista municipal que deberá dar o visto e prace, previo á conexión da subministración na parada.

O consumo eléctrico de cada parada irá ao cargo do titular.

- d) Utilizar instrumentos de pesar e medir axustados aos modelos autorizados podendo o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitude destes instrumentos.
- e) Ter á vista do público todas as existencias dos artigos que se expandan, sen que poidan apartar, seleccionar ou esconder parte das mesmas; salvo no caso de que pola súa cantidade e forma de disolución non poidan ser colocadas todas á vista.
- f) Mostrar os artigos de venda á inspección veterinaria que poderá proceder ao seu comiso e inutilización, en caso de seren declarados nocivos para a saúde pública.
- g) Vestir a indumentaria apropiada limpa
- h) Satisfacer o canon e demais exaccións que correspondan





i) Obriga de rotular o prezo de cada produto exposto ao público

**Artigo 30º.-** Queda prohibido aos vendedores nas paradas de venda:

- a) Exercer a súa actividade se padecen algunha enfermidade contaxiosa
- b) Realizar obras, por insignificantes que sexan, e introducir modificacións de calquera clase nas paradas e dependencias do mercado sen a correspondente autorización
- c) Manter na parada sacos, caixas, envases ou utensilios baleiros ou pouco limpos que alteren ou afecten ás condicións hixiénico sanitarias do lugar
- d) Sacrificar nas paradas os animais destinados á venda e verificar naquelas operacións de desplumaxe de aves ou esfoladura de coellos ou doutros animais similares.
- e) Servir, entregar ou envolver os artigos alimenticios que realicen a venda con infracción das normas hixiénico-sanitarias legalmente establecidas ou que se diten polas autoridades competentes.
- f) Facer propaganda ou publicidade abusiva en prexuízo dos demais vendedores e utilizar altofalantes ou outros medios acústicos.

## **CAPÍTULO VII**

### **A) DA COMISIÓN COLABORADORA DE VENDEDORES**

**Artigo 31º.-** Con carácter non decisorio, nin vinculante para o Concello, poderá constituírse unha comisión de vendedores que represente aos vendedores do mercado, que poderá solicitar, informar e suxestionar cantas actuacións crean convenientes para a boa marcha do mercado, canalizando as queixas dos compradores e vendedores podendo entrevistarse co encargado do mercado e cos representantes do Concello sempre que o estimen necesario.

**Artigo 32º.-** A Comisión de vendedores estará integrada por dous representantes de cada ramo designados por todos os compoñentes do mesmo que sexan titulares de paradas.

**Artigo 33º.-** A Comisión celebrará as súas reunións no propio mercado ou na Casa do Concello nos seguintes casos:

- a) Cando as convoque o seu presidente por propia iniciativa
- b) A petición da maioría dos seus compoñentes
- c) A iniciativa do alcalde ou delegado do servizo

### **B) DA COMISIÓN COLABORADORA E DE CONSUMIDORES**

**Artigo 34º.-** Cando existan asociacións de consumidores, estas, poderán elevar suxestións e iniciativas para a xestión dos mercados, así como participar na súa xestión na forma que se determine.

## **CAPÍTULO VIII**

### **INSPECCIÓN SANITARIA**

**Artigo 35º.-** O inspector veterinario terá ao seu cargo o control hixiénico das instalacións e dependencias do mercado municipal, así como, a Inspección sanitaria dos artigos alimenticios a expender no mesmo.

**Artigo 36º.-** O inspector veterinario comprobará diariamente o estado das paradas e instalacións procedendo a ordenar a corrección de cantas deficiencias observase.





## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

2.- Dispoñerá cantas medidas estime necesarias para evitar a acumulación e presenza dos subprodutos e desperdicios producidos durante a xornada de venda, propoñendo á autoridade municipal a adopción das medidas precisas para o efecto.

3.- Examinará diariamente con toda atención as condicións sanitarias dos artigos alimenticios postos á venda, tantas veces como o requiran a eficacia do servizo e o cumprimento do ordenado pola autoridade municipal, realizando a toma de mostras naqueles casos nos que estime oportuno, remitíndoas ao laboratorio oficial.

**Artigo 37º.-** Comprobará que a totalidade das carnes frescas, así como as conxeladas e refrixeradas, estean debidamente documentadas procedendo á intervención e comiso, previos os requisitos regulamentados, de cantas non a presentasen. Igualmente efectuará a inspección sanitaria da caza e volatería, esixindo e expedindo a documentación sanitaria que a circulación dos ditos produtos estableza a lexislación vixente.

**Artigo 38º.-** Inspeccionará coa maior meticulosidade a totalidade dos peixes e mariscos existentes nos postos de venda para o efecto e coidará de que, mentres duren as operacións de venda, non se realicen os labores de limpeza do mercado ou aqueloutros actos que puidesen alterar a sanidade do mercado. Prohibirase o lavado do peixe e a venda en recipientes de madeira que non sexan de primeiro uso.

**Artigo 39º.-** Coidará que os mostradores frigoríficos instalados en lugares especificamente dedicados á venda de carne e que requiran dedicalo a tal actividade, contén coa debida autorización municipal e sanitaria.

**Artigo 40º.-** O veterinario titular ordenará o comiso con destrución posterior, de todos os artigos alimenticios que non reúnan as condicións necesarias para seren libradas ao consumo público, levantando a correspondente acta e entregando unha copia da mesma ao industrial afectado, establecidas para esta clase de ditames contraditorios.

**Artigo 41º.-** O veterinario inspector atenderá cantas reclamacións referentes á sanidade dos artigos lle fosen presentadas polos compradores, ditaminando para o efecto sobre a procedencia ou non das reclamacións e estendendo o correspondente informe que acreditará ao comprador do seu dereito a ser indemnizado polo vendedor.

**Artigo 42º.-** O inspector veterinario levará un libro de rexistro, onde se farán as anotacións correspondentes ás mercancía inspeccionadas, comisos efectuados, intervencións de produtos levadas a cabo; así como de cantas incidencias ocorran co servizo. Os datos consignados no libro servirán de base para a confección dos partes de servizo que se enviarán á Alcaldía.

**Artigo 43º.-** Dado o carácter de autoridade do inspector municipal veterinario, durante o exercicio da súa misión no mercado, o persoal municipal de servizo no mesmo quedalle subordinado, debendo prestarlle a colaboración e servizos que lle fosen requiridos.

### CAPÍTULO IX INFRACCIÓNS E SANCIOXS

**Artigo 44º.-** Os titulares das paradas serán responsables das infraccións deste Regulamento que cometan eles, os seus familiares, ou os asalariados que presten servizos nelas.



**Artigo 45º.-** Estimaranse faltas leves:

- a) Falta de limpeza das paradas e do contorno e falta de aseo nos vendedores
- b) As liortas ou altercados
- c) O peche non autorizado das paradas de venda sen causa xustificada, de un a cinco días
- d) Calquera infracción desta Ordenanza non cualificada como falta grave ou moi grave.

**Artigo 46º.-** Serán consideradas faltas graves:

- a) A reiteración dunha falta leve da mesma natureza dentro do ano
- b) A comisión da terceira falta leve nun ano
- c) A defraudación na cantidade e calidade dos artigos vendidos
- d) O reiterado incumprimento das obrigas sanitarias
- e) A modificación da estrutura ou instalación das paradas sen a debida autorización
- f) O peche da parada non autorizado por máis de cinco días e sen xustificación
- g) O desacato ofensivo das disposicións dimanadas da autoridade municipal
- h) A falta de pagamento dos dereitos correspondentes nos prazos sinalados en cada caso

**Artigo 47º.-** Serán faltas moi graves:

- a) A reiteración de faltas graves de calquera natureza dentro do ano
- b) O traspaso da parada sen obter a debida autorización
- c) O abandono inxustificado da parada durante tres meses

**Artigo 48º.-** Para as faltas leves aplicaranse as seguintes sancións:

- a) Apercibimento
  - b) Multa de 250 pesetas a 1000 pesetas
2. Para as faltas graves:
- a) Multa de 1000 a 10.000 pesetas
3. Para as faltas moi graves:
- a) Suspensión temporal da concesión de 20 días a 6 meses
  - b) Caducidade da concesión sen dereito a indemnización

**Artigo 49º.-** As faltas leves serán sancionadas pola Alcaldía escoitado o infractor.

2. A imposición das sancións por falta grave o moi grave corresponde á Comisión de Goberno previo expediente conforme ao preceptuado na Lei de procedemento administrativo.

## **CAPÍTULO X RECURSOS E RECLAMACIÓNS**

**Artigo 50º.-** Contra as instrucións do encargado do mercado e en xeral contra calquera orde ou situación de feito que non teña a cualificación de acto administrativo poderá reclamarse ante o alcalde.

2. Contra os actos do alcalde, a Comisión de Goberno e Pleno do Concello poderán interpoñerse os recursos administrativos e xurisdicionais previstos nas disposicións vixentes.

## **CAPÍTULO X RECURSOS E RECLAMACIÓNS**

**Artigo 50º.-** Contra as instrucións do encargado do mercado e en xeral contra calquera orde ou situación de feito que non teña a cualificación de acto administrativo poderá reclamarse ante o alcalde.





## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MVA

2. Contra os actos do alcalde, a Comisión de Goberno e o Pleno do Concello poderán interpoñerse os recursos administrativos e xurisdicionais previstos nas disposicións vixentes.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Os actuais titulares de postos no mercado vello da Avda. de Ferrol, para o seu acceso ao novo mercado por esta vez, non lles será de aplicación ao disposto no art. 18-1º, senón que o Pleno Corporativo, previa petición individual e despois de estudar cada caso, acordará a forma de acceso.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

1º.- Quedan derogados o Regulamento interior da Praza de Abastos aprobado polo Concello en sesión de 7 de maio de 1962 e o Regulamento de Mercado aprobado en sesión Plenaria de 8 de setembro de 1980.

2º.- Así mesmo cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta Ordenanza.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza que consta de cincuenta artigos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello, ao día seguinte de publicarse o seu texto completo no BOP.

As Pontes, 11 de decembro de 1986.- O alcalde en funcións, firmado.